



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 3 DE FEBREIRO DE 2016

### **Alcalde-Presidente:**

Don Antonio Fernández Angueira.

### **Concelleiros presentes:**

Don José Ramón Pardo Andrade.

Don Andrés Sanmarco Santos.

Dona Lorena Couso Dopazo.

Don Francisco García Dios.

### **Secretaria:**

Dona Ana María Ares Álvarez.

### **Interventor accidental:**

Don José Marcelino Rivera Rarís

Na Alcaldía da Casa Consistorial de Padrón, sendo as dez horas do día tres de febreiro de dous mil dezaseis, baixo a Presidencia do señor Alcalde don Antonio Fernández Angueira reúnen-se a señora Concelleira e os señores Concelleiros relacionados na cabeceira, todas e todos membros da Xunta de Goberno Local, co fin de celebrar a sesión extraordinaria deste órgano en primeira convocatoria, asistidos da Secretaria da Corporación dona Ana María Ares Álvarez, de acordo coa seguinte:

## ORDE DO DÍA

### **1.- CONVOCATORIA DO PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN PARA O OUTORGAMENTO DAS LICENZAS DE USO DAS PARCELAS DO DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL SITUADAS NO CAMPO DO SOUTO E PASEO DO ESPOLÓN PARA A INSTALACIÓN DE ATRACCIÓN S FEIRAIS CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE PASCUA 2016.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 1 de febreiro de 2016:

#### **<<Antecedentes administrativos.**

Primeiro. Durante o exercicio 2016 celebraran-se, como ven sendo tradicional no Concello de Padrón, as festas da Pascua que terán lugar entre os días 20 de marzo e 3 abril do 2016, sendo preciso entón licitar as autorizacións para usar as parcelas do dominio público situadas no Campo do Souto e Paseo do Espolón nas que se poderán instalar as diversas atraccións.

Segundo. Por Providencia do Alcalde do 27 de xaneiro de 2016 ordénase a redacción dun prego de condicións reguladoras da licitación mediante subhasta das autorizacións de ocupación do dominio público para a instalación de atraccións feirais durante as festas de Pascua do Concello no 2016. Dado que nos exercicios 2013, 2014 e 2015 convouse o mesmo procedemento para outorgar as autorizacións durante 4, 3 e 2 anos respectivamente, ordénase incluír neste novo procedemento as parcelas que quedaron desertas nos anteriores, aquelas outras cuxos titulares non abonaron a taxa correspondente ao 2013, 2014, 2015 ou

2016 e as daqueles titulares que renunciaron expresamente.

Terceiro. O 29 de xaneiro a secretaria municipal realiza a proposta anterior e o 1 de febreiro adxúntanselle os planos de situación das parcelas a licitar realizados polo arquitecto da Oficina de Rehabilitación.

Cuarto. Ese mesmo día 1 de febreiro emítense os informes de secretaría e da intervención municipal.

#### **Fundamentos de dereito.**

Primeiro. Segundo o artigo 77 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais (RBEL), os usos comúns especiais están sometidos a licenza ou autorización e estas outórganse mediante licitación si estivese limitado o seu número. No mesmo sentido o artigo 92.1 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, de patrimonio das administracións públicas (LPAP).

Segundo. Considerando o réxime deste tipo de autorizacións recollido no 92 da LPAP, de aplicación supletoria ás entidades locais, agás os parágrafos 1, 2 e 4 que teñen o carácter de básicos de acordo á disposición final, e

Terceiro. Considerando a necesidade de aplicar o trámite de urxencia previsto no artigo 112.2.b) do Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público (TRLCSP) e no 50.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXPAC), dado que o inicio da montaxe das instalacións dará comenzo o día 13 de marzo e dado que, de aplicar o prazo de 30 días do artigo 96.6 da LPAP, o procedemento non estaría rematado nesa data.

Cuarto. Considerando que a competencia para o outorgamento deste tipo de licenzas é do Alcalde en base ao establecido no artigo 21.1.q. da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), pero que esta competencia está delegada na Xunta de Goberno Local no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 27, do 3 de febreiro de 1998,

#### **Propoño á Xunta de Goberno Local:**

**Primeiro.** Convocar procedemento de licitación para o outorgamento das licenzas de uso das parcelas do dominio público municipal situadas no Campo do Souto e Paseo do Espolón para a instalación de atraccións feirais con motivo da celebración das festas da Pascua 2016, que se relacionan no Anexo I ao prego de condicións e que se grañan nos planos que se unen ao mesmo como anexos II a XII.

**Segundo.** Aprobar o prego de condicións que rexerán a licitación de acordo á proposta da secretaria municipal de data 29 de xaneiro do 2016 que consta no expediente.

**Terceiro.** Designar responsable da organización do evento e do seguimento e control do cumprimento das condicións de uso impostas aos adxudicatarios das autorizacións durante a celebración das Festas da Pascua 2016 a don Francisco García Dios, Concelleiro delegado de festexos deste Concello.

**Cuarto.** Ordenar a publicación do correspondente anuncio de apertura da licitación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, a partir do cal todas as persoas interesadas, durante o prazo de quince (15) días naturais, poderán presentar as súas ofertas de acordo ás formalidades previstas no prego de condicións, así como na páxina web do Concello ([www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)) e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

**Quinto.** O presente acordo pon fin á vía administrativa e contra o mesmo poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o señor Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día de publicación do anuncio da licitación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfí: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

estime pertinente.

**Sexto.** Dar traslado do presente acordo á Intervención Municipal.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.** Convocar procedemento de licitación para o outorgamento das licenzas de uso das parcelas do dominio público municipal situadas no Campo do Souto e Paseo do Espolón para a instalación de atraccións feirais con motivo da celebración das festas da Pascua 2016, que se relacionan no Anexo I ao prego de condicións e que se grafían nos planos que se unen ao mesmo como anexos II a XII.

**Segundo.** Aprobar o prego de condicións que rexerán a licitación de acordo á proposta da secretaria municipal de data 29 de xaneiro do 2016 que consta no expediente.

**Terceiro.** Designar responsable da organización do evento e do seguimento e control do cumprimento das condicións de uso impostas aos adxudicatarios das autorizacións durante a celebración das Festas da Pascua 2016 a don Francisco García Dios, Concelleiro delegado de festexos deste Concello.

**Cuarto.** Ordenar a publicación do correspondente anuncio de apertura da licitación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, a partir do cal todas as persoas interesadas, durante o prazo de quince (15) días naturais, poderán presentar as súas ofertas de acordo ás formalidades previstas no prego de condicións, así como na páxina web do Concello ([www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)) e no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello.

**Quinto.** O presente acordo pon fin á vía administrativa e contra o mesmo poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante o señor Alcalde, no prazo dun mes contado desde o día de publicación do anuncio da licitación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

**Sexto.** Dar traslado do presente acordo á Intervención Municipal.

## **2.- LIQUIDACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DE XESTIÓN DO SERVIZO PÚBLICO MUNICIPAL DA PISCINA CUBERTA NA MODALIDADE DE CONCESIÓN, ASINADO O 9 DE DECEMBRO DE 2004 CON GIMNASIOS PAZOS, SA.**

Por parte do señor Alcalde dáse conta á Xunta de Goberno Local da seguinte proposta de data 1 de febreiro de 2016:

<<**Antecedentes administrativos.**

**Primeiro.** Por acordo da Xunta de Goberno Local do 19 de outubro do 2004 adxudícase a xestión dos servizo da piscina municipal cuberta de Padrón á empresa Gimnasios Pazos, SA, por un prezo de 24.000 euros ao ano, IVE incluído, e un prazo de 5 anos.

**Segundo.** Consta no expediente a constitución da garantía definitiva pola adxudicataria mediante aval número 0457/3245 outorgado o 3 de decembro do 2004 por Banco Popular Español, SA, por importe de 4.800,00 euros, equivalentes ao 4% de 120.000,00 € (24.000 € \* 5 anos).

**Terceiro.** O 9 de decembro do 2004 formalízase o contrato de xestión do servizo público en documento administrativo en triplicado exemplar.

**Cuarto.** Unido a un dos exemplares do contrato consta o "Informe del estado de la piscina-municipal cubierta Campo del Souto" asinado o 2 de novembro do 2004 polo representante da empresa Gimnasios

Pazos, SA, polo representante da empresa SIDECU (anterior concesionaria do servizo), o Concelleiro e a Secretaría Municipal.

**Quinto.** Por acordo do Pleno da Corporación Municipal adoptado na sesión realizada o 30 de abril do 2009, aprobouse un aumento do canon concesional de 14.000,00 €.

**Sexto.** O 22 de setembro de 2014, a Xunta de Goberno Local do Concello de Padrón acordou:

Primeiro. Declarar extinguido o contrato de xestión do servizo público da piscina municipal do Concello de Padrón asinado o 9 de decembro do 2004 con Gimnasios Pazos, SA, por ter expirado o prazo máximo do mesmo que rematou o 19 de outubro do 2009.

Segundo. Requerir a Gimnasios Pazos, SA, para que, en cumprimento do disposto no apartado 16 da condición 5 do prego que forma do contrato, no prazo de 30 días naturais, contados desde a notificación do presente acordo, deixe as instalacións da piscina municipal a disposición do Concello en perfecto estado para o seu uso e cos materiais para servir ao público segundo o previsto no prego de condicións e na súa oferta, documentos ambos que forman parte do contrato.

Para estes efectos unha vez que o Concello teña constancia da recepción da notificación, comunicará a Gimnasios Pazos o día e hora concreta na que se levará a cabo a recepción.

Terceiro. Designar a don José Marcelino Rivera Rarís, persoal funcionario destes Concello, interventor técnico para os efectos do establecido no artigo 131 do Regulamento de servizos das corporacións locais.

En data 24 de setembro de 2014 Francisco Javier Pazos Sánchez Rubio en representación de Grupo Pazos, SA. acusa recibo do acordo.

**Sétimo.** Por requerimento de Alcaldía de 24 de setembro de 2014, emprazase a Concesionaria e ao Interventor Técnico para o 30 de setembro de 2014 na Piscina Municipal Cuberta co obxecto de visitar as instalacións e determinar como debería quedar a instalación a disposición do Concello dentro do prazo disposto.

**Oitavo.** O 30 de setembro de 2014 na Piscina Municipal Cuberta, o Interventor Técnico e Francisco Javier Pazos Sánchez Rubio en representación de Grupo Pazos, SA, xiran visita as instalacións, e faise saber que o vindeiro 24 de outubro debe deixar as instalacións da piscina municipal a disposición do Concello en perfecto estado para o seu uso e cos materiais para servir ao público segundo o previsto no prego de condicións e na súa oferta, documentos ambos que forman parte do contrato.

**Noveno.** O 1 de outubro de 2014, emítese informe da visita de data 30 de setembro de 2014 sobre o estado de conservación das obras e do material do contrato de xestión dos servizo da piscina municipal cuberta de Padrón.

**Décimo.** En data 14 de outubro remítese comunicación ao Grupo Pazos sa, indicándolle que a data de recepción das instalacións será o día 23 de outubro de 2014 as 10:00 horas, e requírese a Grupo Pazos, sa, para que proceda a subsanar todos aqueles defectos observados e proceda a equipar e acondicionar as instalacións de maneira que deixe as instalacións da piscina municipal a disposición do Concello nun estado idóneo que sería esixible a un empresario dilixente, e en función do uso que lle é propio da instalación e cos materiais para servir ao público segundo o previsto no prego de condicións e na súa oferta, documentos ambos que forman parte do contrato.

**Décimo primeiro.** O 23 de outubro de 2014 xirase visita as instalación e redactase a acta de recepción da piscina municipal cuberta de Padrón entregada polo Grupo Pazos, sa, ao Concello de Padrón, sobre o estado de equipamento e acondicionamento das instalacións, unha vez finalizado o contrato.

**Décimo segundo.** O 3 de novembro de 2014 remítese copia da acta de recepción ao Grupo Pazos, sa para a súa sinatura e devolución da mesma, que a data de hoxe se atopa sin devolver asinada.



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tel: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

**Décimo terceiro.** O 3 de novembro de 2014, por providencia da Alcaldía solicítase dos servizos económicos que se realice a liquidación do contrato de acordo ao establecido nos artigos 110.4 e 164 do TRLCAP.

**Décimo cuarto.** O 20 de novembro de 2014 o Interventor Técnico informa que:

*A resolución desta concesión leva consigo as seguintes consecuencias ou efectos: reversión dos bens e liquidación da concesión.*

*Reversión dos bens, No prego de condicións xurídico e económico administrativas particulares que rexen a concesión da xestión e explotación indirecta do servizo público de piscina municipal cuberta, establécese na cláusula 25 baixo a rúbrica "Reversión das instalacións" que "Ao termino do prazo da concesión, revertirá á corporación as instalacións de piscina cuberta municipal entregadas na forma prevista no artigo 131 do RS e 135 da LCAP".*

*Esta previsión contractual debe contemplarse co disposto na cláusula 5ª no seu apartado 16 do onde establece que "será unha obriga básica do concesionario: 16) A finalización do contrato o contratista disporá de 30 días para deixar as instalacións da piscina municipal a disposición do Concello en perfecto estado para o seu uso e cos materiais para servir ao público."*

*Tal e como tamén so seu día e de acordo a cláusula 8 do prego de condicións xurídico e económico administrativas particulares que rexen a concesión da xestión e explotación indirecta do servizo público de piscina municipal cuberta, se levou a cabo no que "a administración contratante porá a disposición do concesionario dentro do dez días seguintes ao da adxudicación, as instalacións de Piscina Cuberta situada no Campo do Souto, libre de cargos gravames e de libre disposición."*

*En cumprimento destas cláusulas dos pregos relativas á reversión, o Grupo Pazos deberla entregar ao Concello os inmobles e instalacións nun estado idóneo de conservación que sería esixible a un empresario dilixente, e en función do uso que lle é propio da instalación e dos mobles, sufragando á súa costa as obras de reparación e subsanación de tales elementos, e que non foron levadas a cabo tal e como se desprende dos informes municipais de visita as instalacións de data 30 de setembro e 23 de outubro de 2014.*

## *Liquidación da concesión*

*Polo que procede agora a liquidación pormenorizada e xustificativa do saldo resultante da resolución do contrato de concesión administrativa de xestión do servizo da piscina municipal cuberta de Padrón co Grupo Pazos, sa:*

*No saldo debedor do Concello co Grupo Pazos, sa, o Concello de Padrón cumpriu coas súas obrigas económicas coa adxudicataria, polo que na liquidación procede imputar un saldo debedor de cero euros co Grupo Pazos sa.*

*O saldo acreedor da liquidación do contrato a favor do Concello co Grupo Pazos desgrosamos os conceptos seguintes:*

*-Por Canon de Saneamento (en aplicación da cláusula 5ª no seu apartado 17<<Serán de conta do adxudicatario os tributos ou prezos públicos locais, autónomos ou estatales que se devenguen na prestación do servizo>>).*

*Atopámonos coas seguintes contías abonadas polo Concello que procede repercutir ao Grupo Pazos, sa: 932,96 € da factura de Spina e Delfin de data 28 de febreiro de 2013, correspondente ao Canon de Saneamento da Piscina do ano 2012 e 2.557,07 € da factura de Spina e Delfin de data 28 de febreiro de 2014, correspondente ao Canon de Saneamento da Piscina do ano 2013. Así como o Canon de saneamento do primeiro semestre de 2014, que importa a cantidade de 1.421,80 €.*

*O que fai un total de 4.911,83 €.*

*- Por inversións comprometidas e non executadas. (en aplicación da cláusula 16.2 apartado B-Sobre B*

<<punto 4.7 melloras que pretenda introducir o licitador e que redunden en beneficio da xestión. Deberan cuantificarse economicamente presentando memoria valorada, que de acordo coa cláusula 19 "Criterios base da adxudicación do concurso" -Melloras que pretenda introducir o licitador e que redunden en beneficio da xestión:20 puntos, medios materiais e personales de que dispoña 10 puntos, prestación de servizos ao usuario 15 puntos,>> e de acordo coas ponderacións das valoracións, lle serviron para levarse a adxudicación no seu día.)

Na oferta presentada polo licitador Gimnasios Pazos, sa, (ahora, Grupo Pazos, sa) na paxina 87 da oferta técnica establece unha serie de melloras de carácter económico que se desgrosan na seguinte táboa:

MELLORAS PROPOSTAS DE CARÁCTER ECONÓMICO	
DESCRIPCIÓN	CANTIDADE
<b>NAS INSTALACIÓNS</b>	
NOVA CALDEIRA CON QUEIMADOR	13 200,00 €
BATERÍA PARA DESHUMECTADORA	9 720,00 €
ACUMULADOR A.C.S. "NORMATIVA LEXIONELA"	12 000,00 €
MOTOR COXENERACIÓN A PUNTO	2 500,00 €
REP BOMBAS CIRCUITO PRIMARIO CALEFACCIÓN	2 800,00 €
CENTRALITA AUTOMÁTICO DE CL-PH	7 100,00 €
<b>MELLORAS NOS EQUIPOS ACTUAIS</b>	
LIMPEZA E PINTADO XERAL	11 000,00 €
SUBSTITUCIÓN DE FALSO TEITO EN RECEPCIÓN E VESTIARIOS	3 500,00 €
REPARACIÓN DE LUMINARIAS EN RECEPCION E VESTIAIROS	5 500,00 €
REPARACIÓN DE PORTAS E MARCOS EN XERAL	3 200,00 €
SUBSTITUCIÓN PORTAS ACCESO AO VASO POR OUTRAS DE PVC OU ALUMINIO	1 900,00 €
REVISIÓN GOTEIRAS EN CUBERTA	1 900,00 €
SELADO DE FIESTRAS EXTERIORES	4 500,00 €
IMPERMEABILIZACIÓN DA INSTALACIÓN	7 500,00 €
MOBILIARIO SALA DE ESPERA E BOTIQUIN	4 200,00 €
ALICATADO E SUBSTITUCIÓN PLAQUETAS EN XERAL	5 800,00 €
DISPENSADORES DE XABRÓN	3 500,00 €
APERTURA DE PORTA E AXEITAMENTO DE SALA ANEXA PARA XIMNASIO E OUTROS SERVIZOS (1)	12 500,00 €
<b>INVERSION E MELLORAS NA ACCESIBILIDADE</b>	
PROGRAMA E EQUIPO INFORMÁTICO COMPLETO DE CONTROL DE ACCESO	6 000,00 €
<b>MELLORAS DE EQUIPAMENTOS DEPORTIVO</b>	
DOTACIÓN DE MATERIAL DIDACTICO NATACIÓN	1 000,00 €
DOTACIÓN DE APARELLOS DE XIMNASIO (1)	28 000,00 €
<b>MELLORAS EN EQUIPAMENTO NON DEPORTIVO</b>	
EQUIPAMENTO DUNHA SAA PARA MASAXE (1)	2 300,00 €
SAUNA	11 821,92 €
BAÑO TURCO	13 500,00 €
HIDROMASAXE	13 000,00 €
SECADORES DE PELO NOS VESTIARIOS	600,00 €
DOTACIÓN DE LOSETAS HIXIÉNICAS NO CHAN DOS VESTIARIOS	2 300,00 €



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tfí: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

OUTRAS MELLORAS	
HIDROLIMPIADORA	2.800,00 €
FERRAMENTAS E MAQUINARIA DE MANTEMENTO	1.100,00 €
ASPIRADOR DE AUGA E POLVO	920,00 €

(1) A ter en conta: os servizos de masaxe, ximnasio e solarium, non forman parte do obxecto do contrato.

Na oferta presentada polo licitador Gimnasios Pazos, sa, na páxina 90 da oferta técnica recóllese que Gimnasios Pazos, sa, comprométese a realizar tódalas obras e melloras propostas durante o primeiro ano de servizo así como a realizar as máis molestas no período de peche da instalación para non producir transtornos os usuarios.

Na oferta presentada polo licitador Gimnasios Pazos, sa, na páxina 91 a 101 da oferta técnica recóllese toda a información relativa ó estudio económico financeiro, calculado para 5 anos de xestión, no que se amortizaban as inversións descritas no apartado anterior. Lembrando que o Concesionario estivo na xestión e explotación indirecta do servizo 9 anos e 9 meses.

De acordo co informe de visita as instalacións de data 30 de setembro e 23 de outubro de 2014, queda acreditado cando menos que non se atopan nas instalacións seguintes inversións comprometidas

INVERSIONS COMPROMETIDAS E QUE NON SE ATOPAN NA INSTALACIÓN E FORON OBXETO DE AMORTIZACIÓN				
CONCEPTO	VALOR TOTAL ANO 2005 IVE 7%	VALOR SEN IVE ANO 2005	VALOR ACTUALIZADO A 2014 IPC	VALOR TOTAL ANO 2014 IVE 21%
NOVA CALDEIRA CON QUEIMADOR	13.200,00 €	12.336,45 €	15.223,18 €	18.420,05 €
CENTRALITA AUTOMÁTICO DE CL-PH	7.100,00 €	6.635,51 €	8.188,22 €	9.907,75 €
PROGRAMA E EQUIPO INFORMÁTICO COMPLETO DE CONTROL DE ACCESO	6.000,00 €	5.607,48 €	6.919,63 €	8.372,75 €
BAÑO TURCO	13.500,00 €	12.616,82 €	15.569,16 €	18.838,68 €
HIDROMASAXE	13.000,00 €	12.149,53 €	14.992,52 €	18.140,95 €
HIDROLIMPIADORA	2.800,00 €	2.616,82 €	3.229,16 €	3.907,28 €
FERRAMENTAS E MAQUINARIA DE MANTEMENTO	1.100,00 €	1.028,04 €	1.268,60 €	1.535,01 €
ASPIRADOR DE AUGA E POLVO	920,00 €	859,81 €	1.061,00 €	1.283,81 €
TOTAL				80.406,28 €

Pátese das seguintes premisas: Variación do Índice Xeral Nacional segundo o sistema IPC base 2011 dende Xaneiro de 2005 ata Setembro de 2014: 23,4% ao non estar dispoñible o dato de outubro de 2014.

Débase ter en conta como débeda coa administración as obras comprometidas e non executadas polo Grupo Pazos, sa, e que foron obxecto de amortización e contempladas na súa oferta e que se inclúan dentro do prezo do Contrato, e así evitar un enriquecemento inxusto ao favor do Grupo Pazos, sa, a conta do Concello.

-Por reparación ou subsanación de elementos en mal estado de conservación como responsable do bo uso das instalacións (en aplicación da cláusula 5ª no seu apartado 5 <<Son obrigas básicas do contratista concesionario as seguintes: Manter en bo estado as instalacións e todos os elementos mobles, procedendo a reposición e reparación de aquela e de éstos, e devolvelos ao termo do contrato no estado idóneo que sería esixible a un empresario dilixente, e en función do uso que lle sexa propio da instalación e dos mobles.>>)

Por reparación ou subsanación de elementos en mal estado de conservación é necesario un informe de valoración de reparación e subsanación técnico que debe ser requerido os servizos urbanísticos, enxeñeiro de instalacións e/ou a empresa especializada, conforme o cal se orzamenten as reparacións e subsanacións das instalacións, nos seguintes elementos ou partidas:

reparación de deshumectadora e circuito de calefacción,  
 reposición de xenerador,  
 reparación de motor de coxeneración,  
 limpeza e pintado exterior,  
 reparación ou subsanación de falsos teitos,  
 reparación de portas e marcos en xeral,  
 reparación de goteiras en cuberta,  
 reparación ou subsanación de mobiliario,  
 reparación ou subsanación da impermeabilización,  
 alicatado e substitución de plaquetas en xeral,  
 reparación o reposición de dispensadores de xabón,  
 reparación ou reposición de secadores de pelo nos vestiarios,  
 reposición de losetas hixiénicas,  
 reparación ou subsanación da fontanería,  
 reposición e subsanación de elementos antiincendios,  
 reparación de baños,

#### CONCLUSIONES

En relación coa Reversión de bens: O Grupo Pazos debía entregar ao Concello os inmobles e instalacións nun estado idóneo de conservación, que sería esixible a un empresario dilixente, e en función do uso que lle é propio da instalación e dos mobles sufragando á súa costa as obras de reparación e subsanación de tales elementos, e cos materiais para servir ao público, cousa que non fixo.

En relación coa liquidación do contrato: Existe un saldo acreedor de liquidación do contrato a favor do Concello, polos seguintes conceptos:

- Por canon de saneamento:	4.911,83 €
- Por inversións comprometidas e non executadas:	80.406,28 €
- Por reparación ou subsanación de elementos:	Requírese de informe valoración.

**Décimo quinto.** O 21 de novembro de 2014, por providencia da Alcaldía solicítase a Estudio Técnico Gallego, sa, informe para valorar a reparación ou subsanación de elementos en mal estado de conservación dos elementos que require o Interventor Técnico no seu informe.

**Décimo sexto.** O 13 de xaneiro de 2015, ten entrada informe de Estudio Técnico Gallego, sa, sobre as deficiencias na piscina municipal cuberta de Padrón, asinado polo Enxeñeiro Técnico Industrial, Pablo Rojo Losada, onde no seu informe valoración indica que:

Segundo o técnico que subscribe as instalacións e os equipos foron entregados en mal estado de conservación e mantemento, atopándose con que varios equipos non funcionan e outros non é posible arranxalos debendo proceder a súa substitución.

Procede a detallar as deficiencias segundo os elementos que require o Interventor Técnico no seu informe, concluíndo o seguinte resumo do presuposto:

DESCRICIÓN	IMPORTE
reparación de deshumectadora e circuito de calefacción,	25.821,17 €



# Padrón

**Concello de Padrón**

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)

[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)

Tf: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

reposición de xenerador,	9.946,65 €
reparación de motor de coxeneración,	9.796,97 €
limpeza e pintado exterior,	16.374,09 €
reparación ou subsanación de falsos teitos,	10.022,37 €
reparación de portas e marcos en xeral,	2.853,48 €
reparación de goteiras en cuberta,	1.447,60 €
reparación ou subsanación de mobiliario,	4.354,24 €
reparación ou subsanación da impermeabilización,	617,63 €
alcatado e substitución de plaquetas en xeral,	2.215,29 €
reparación o reposición de dispensadores de xabón,	272,47 €
reparación ou reposición de secadores de pelo nos vestiarios,	818,80 €
reposición de losetas hixiénicas,	969,87 €
reparación ou subsanación da fontanería,	2.061,63 €
reposición e subsanación de elementos antiincendios,	1.296,50 €
reparación de baños,	2.255,72 €
PRESUPOSTO DE EXECUCIÓN MATERIAL	91.124,48 €
GASTOS XERAIS	0,00 €
BENEFICIO INDUSTRIAL	0,00 €
PRESUPOSTO BASE LICITACIÓN	91.124,48 €
IVE	19.136,14 €
PRESUPOSTO TOTAL	110.260,62 €

**Decimo sétimo.** O 29 de xaneiro de 2015, a Intervención Accidental Municipal emite Informe de fiscalización de conformidade xeral a liquidación do contrato administrativo de xestión do servizo público municipal da piscina cuberta na modalidade de concesión, asinado o 9 de decembro do 2004 con Gimnasios Pazos, SA,

## Fundamentos de dereito.

Primeiro. Considerando que o 22 de setembro de 2014, a Xunta de Goberno Local do Concello de Padrón acordou declarar extinguido o contrato de xestión do servizo público da piscina municipal do Concello de Padrón asinado o 9 de decembro do 2004 con Gimnasios Pazos, SA, por ter expirado o prazo máximo do mesmo que rematou o 19 de outubro do 2009.

Segundo. Considerando o apartado 16 da condición 5 do prego de condicións xurídico e económico-administrativas particulares que formaban parte do contrato: "*a la finalización del contrato el contratista dispondrá de 30 días para dejar la instalación a disposición del Ayuntamiento, en perfecto estado, para su uso, y con los materiales para servir al público*".

Terceiro. Considerando o artigo 164 do TRLCAP, que se refire a reversión establece que "*1. Cuando finalice el plazo contractual, el servicio revertirá a la Administración, debiendo el contratista entregar las obras e instalaciones a que está obligado con arreglo al contrato y en el estado de conservación y funcionamiento adecuados. 2. Durante un período prudencial anterior a la reversión, que deberá fijarse en el pliego, el órgano competente de la Administración adoptará las disposiciones encaminadas a que la entrega de los bienes se verifique en las condiciones convenidas*".

**Cuarto.** Considerando que o 3 de novembro de 2014 remítese copia da acta de recepción ao Grupo Pazos, sa, sobre o estado de equipamento e acondicionamento das instalacións, unha vez finalizado o contrato, para a súa sinatura e devolución da mesma, que a data de hoxe se atopa sin devolver asinada.

**Quinto.** Considerando o informe elaborado polo interventor técnico o 20 de novembro de 2014 e de Estudio Técnico Gallego, sa, de 13 de xaneiro de 2015, asinado polo Enxeñeiro Técnico Industrial, Pablo Rojo Losada, sobre as deficiencias na piscina municipal cuberta de Padrón.

**Sexto.** Considerando que non ten prescrito o dereito do Concello de Padrón a esixir o ingreso de ditos importes, que teñen a consideración dun ingreso de dereito público, xa que nacen como consecuencia da execución dunha potestade pública, en aplicación do disposto no artigo 2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, debendo tomarse como prazos para o seu ingreso, tanto en período voluntario como executivo, os mesmos que os de calquera outro ingreso tributario, isto é, os prazos recollidos no artigo 62 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

**Sétimo.** Considerando ao abeiro do disposto no artigo 14 do Regulamento orgánico municipal, publicado no BOP número 27, de 3 de febreiro de 1998, o órgano competente para a aprobación da liquidación de referencia é a Xunta de Goberno Local,

#### **Propoño á Xunta de Goberno Local:**

**Primeiro.** Aprobar a liquidación do contrato de xestión do servizo público da piscina municipal do Concello de Padrón asinado o 9 de decembro do 2004 con Gimnasios Pazos, SA, declarado extinguido pola Xunta de Goberno Local o día 22 de setembro de 2014, e recepciónado en data 23 de outubro de 2014, existindo un saldo acreedor de liquidación do contrato a favor do Concello, polos seguintes conceptos:

CONCEPTOS	IMPORTES
Por canon de saneamento:	4.911,83 €
Por inversións comprometidas e non executadas:	80.406,28 €
Por reparación ou subsanación de elementos:	110.260,62 €
<b>TOTAL</b>	<b>195.578,73 €</b>

**Segundo.** Incautar a garantía definitiva do contrato aportada no seu día pola adxudicataria mediante aval número 0457/3245 outorgado o 3 de decembro do 2004 polo Banco Popular Español, SA, por importe de 4.800,00 euros.

**Terceiro.** Poñer de manifesto o expediente outorgando un período de audiencia ao contratista, así como ao avalista, de 10 días hábiles contados dende a recepción da notificación do presente acordo, durante o cal poderán alegar e presentar os documentos ou xustificantes que consideren pertinentes.

**Cuarto.** Comunicar o presente, que non pon fin a vía administrativa, a Intervención Municipal e ao Interventor Técnico.>>

Non producíndose debate sobre o asunto, o Presidente sométeo a votación resultando aprobado por unanimidade das e dos presentes, polo que a Xunta de Goberno Local adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.** Aprobar a liquidación do contrato de xestión do servizo público da piscina municipal do Concello de Padrón asinado o 9 de decembro do 2004 con Gimnasios Pazos, SA, declarado extinguido pola Xunta de Goberno Local o día 22 de setembro de 2014, e recepciónado en data 23 de outubro de 2014, existindo un saldo acreedor de liquidación do contrato a favor do Concello, polos seguintes conceptos:



# Padrón

**Concello de Padrón**  
CIF P1506600D  
Rúa Longa, 27  
15900 Padrón, A Coruña  
[correo@padron.gal](mailto:correo@padron.gal)  
[www.concellodepadron.es](http://www.concellodepadron.es)  
Tfí: 981 81 04 51  
Fax: 981 81 15 50

CONCEPTOS	IMPORTES
Por canon de saneamento:	4.911,83 €
Por inversións comprometidas e non executadas:	80.406,28 €
Por reparación ou subsanación de elementos:	110.260,62 €
<b>TOTAL</b>	<b>195.578,73 €</b>

**Segundo.** Incautar a garantía definitiva do contrato aportada no seu día pola adxudicataria mediante aval número 0457/3245 outorgado o 3 de decembro do 2004 polo Banco Popular Español, SA, por importe de 4.800,00 euros.

**Terceiro.** Poñer de manifesto o expediente outorgando un período de audiencia ao contratista, así como ao avalista, de 10 días hábiles contados dende a recepción da notificación do presente acordo, durante o cal poderán alegar e presentar os documentos ou xustificantes que consideren pertinentes.

**Cuarto.** Comunicar o presente, que non pon fin a vía administrativa, a Intervención Municipal e ao Interventor Técnico.

E non habendo máis asuntos que tratar, de orde da Presidencia deuse por rematada a sesión sendo as dez horas e trinta minutos, de todo o cal se estende a presente acta que, en proba de conformidade, asina con mimigo o Alcalde, e do que como Secretaria dou fe.



O Presidente

Asdo. Antonio Fernández Angueira



A Secretaria

Asdo. Ana María Ares Álvarez